

FAN CHORAR OS RAPACES

-Todas elas foron creadas para meter medo aos máis pequenos. Esas máscaras que se supón que son terroríficas, que dan medo, que fan que te asustes, fante berrar, fante tremer e que non podes parar de pensar nelas,... Pois esas máscaras son simples xoguetes que teñen a función de asustar os máis pequenos. E a verdade é que ás veces o fan, meten medo a eses pequenos rapaces que só querían pasalo ben e gozar do día de disfraces. Por iso creo que o mellor son máscaras de animais ou cousas comúns, non cousas que meten medo - dixeron eu sen temor.

-Perdoe, pero eu só quería unha máscara de gatiño para a miña filla - dixo esa muller que acababa de entrar pola porta da tenda.

Este é o meu problema, son dependenta dunha tenda de disfraces e ás veces falo sen pensar. Espero que non me despidan por iso.

Noelia Cabaleiro Rodríguez